



OS MAIOS

Como todos os anos, celebramos a festa dos Maíos. Os nenos elixiron ao rei e a raíña e organizáronse bailes e xogos na súa honra.



MARATÓN LETRAS GALEGAS

O 16 de maio participamos no maratón das Letras Galegas que organiza o concello de Vilalba. Unha vez máis demostramos que estamos en moi boa forma. Felicitar a Patricia, Roberto, Diego, David, Jesús e a Iván (que non está na foto xa que se lesionou ese día) polas medallas e copas conseguidas.



CELEBRACIÓN LETRAS GALEGAS.

Ese venres, 16 de maio de 2008, pola tarde celebramos o día das Letras Galegas, este ano dedicado a Xosé M. Álvarez Blázquez. O nenos e nenas de infantil recitaron poesías, os do 1º ciclo fixeron as letras conmemorativas para o mural; 3º de primaria recitou outra poesía, 4º representou un conto, 5º fixo un cómic coa vida do autor e 6º fixo un estudio da obra do autor.



EXCURSIÓN A MALLORCA

Estivemos en Mallorca do 19 ao 22 de maio. Visitamos as covas do Drach, a fábrica de perlas de Manacor, o taller e tenda de madeira de olivo, unha fábrica de vidro. Tamén visitaos Palma de Mallorca, a catedral, a praza Maior e moita, moita piscina.



VISITA Á INSTALACIÓNS DE "EL PROGRESO"

O 26 de maio, os alumnos de 2º e 3º ciclo de Primaria visitaron as instalacións do diario "El Progreso" no polígono do Céao. Esta actividade forma parte dunha serie de actos que organiza "El Progreso" este ano con motivo do seu centenario



FESTA DA FAMILIA

O último día de clase, o 20 de xuño, celebramos o día da Familia no colexio. Viñeron moitos papás e mamás, tamén avós e algún que outro ex alumno/a. Pequenos e non tan pequenos participamos en moitísimos xogos: tirar da corda, brilé, o pano, levar un ovo na culler, competición por parellas cunha perna atada, as cadeiras. Ao final, un xantar e despedida ata o novo curso.